

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2013.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 18 de decembro de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

Dª MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

Dª. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

Dª MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

Dª MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

Dª MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

Dª. BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

Non asisten:

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello Dª. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.10.2013.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2013 AO 13.12.2013.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2014).

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE BRIÓN.

5º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DOS ANOS 2010, 2011, 2012 E 1º, 2º E 3º TRIMESTRES DE 2013.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 04/2013.

8º) MOCIÓNS.

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 16.10.2013.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 16 de outubro de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 10.10.2013 AO 13.12.2013.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben, coa observación de que o decreto do 31.10.2013: Inicio expediente sancionador de tráfico, está duplicado na relación entregada aos concelleiros, co decreto do 29.10.2013: Inicio expediente sancionador multa tráfico, polo que se elimina da relación.

10.10.13.- Convocatoria prazas xuíz de paz titular e substituto.

10.10.13.- Baixa de oficio no padrón municipal de habitantes deste concello por inscrición indebida.

10.10.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente aos anos 2012 e 2013, dunha veciña.

10.10.13.- Renuncia á celebración do contrato do servizo de limpeza de CEIP de Pedrouzos-Brión por non estar prevista expresamente a subrogación nas relacións laborais existentes.

10.10.13.- Aprobación inicial do padrón fiscal das taxas polos servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2013.

10.10.13.- Inicio expediente limpeza de fincas en Sabaxáns.

10.10.13.- Inadmisión a trámite do escrito dun veciño para a limpeza de fincas.

10.10.13.- Ampliación duna axuda de emerxencia de 5 vales de 30 € cada un.

14.10.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para os tratamentos preventivos en vías e camiños de titularidade municipal.

14.10.13.- Aprobación de dúas liquidacións da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

14.10.13.- Pago anticipado a un traballador derivado de gastos en material de reposición para a escola infantil municipal polo importe de 41,56 €.

14.10.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013.

14.10.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para a promoción do uso da lingua galega.

- 14.10.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 15.10.2013.
- 14.10.13.- Inicio expediente limpeza de fincas en Gundín.
- 14.10.13.- Inicio expediente limpeza de fincas en Vilas.
- 15.10.13.- Deixar sen efecto a baixa por inscrición indebida e acordar a baixa por cambio de residencia dun veciño.
- 15.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 30.397,35 euros (facturas varias).
- 15.10.13.- Corrección de erro na alta dunha veciña no servizo de axuda ao fogar dependentes.
- 15.10.13.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 16.10.13.- Desestimar a solicitude da Aquafit Gestión SL na que solicita autorización de cambio de mellora ofertada.
- 16.10.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC26/2013.
- 16.10.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida para o programa de socorrismo anualidade 2013.
- 17.10.13.- Requirimento de limpeza da fincas a unha empresa en Lamiño.
- 17.10.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño no Enxo.
- 17.10.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño no Rial.
- 17.10.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño en Soutullos.
- 17.10.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño en Brans de Abaixo.
- 17.10.13.- Liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 15 de outubro de 2013.
- 17.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).
- 17.10.13.- Concesión de prolongación no servizo activo dun traballador.
- 18.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota mes agosto da Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 18.10.13.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato do servizo de limpeza do CEIP de Pedrouzos-Brión.
- 21.10.13.- Declarar a caducidade das inscricións no padrón municipal de habitantes deste concello por non ter renovada a súa inscrición padronal.
- 21.10.13.- Aprobar o expediente de contratación e pregos de cláusulas administrativas e técnicas do contrato de servizos de limpeza do CEIP de Pedrouzos.
- 21.10.13.- Finalización do expediente de reposición de legalidade dunha obra no lugar de Guisande por terse restaurado a legalidade urbanística.
- 21.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 4.521,86 euros (Visual Project Management S.L.N.E).
- 21.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 17.931,80 euros (Redesyl SL).
- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 27/2013.
- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 28/2013.
- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 29/2013.
- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 30/2013.
- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 31/2013.

- 21.10.13.- Aprobación expediente MC 32/2013.
- 22.10.13.- Aprobación expediente MC 33/2013.
- 22.10.13.- Aprobación expediente MC 34/2013.
- 22.10.13.- Arquivo de expediente por atoparse caducada a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, polo transcurso do prazo de seis anos desde a terminación das obras, quedando o peche executado na situación de fora de ordenación.
- 22.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 3.778,09 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).
- 22.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 5.885,32 euros (Limpezas Salgado SL).
- 22.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.373,20 euros (GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A).
- 22.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.294,41 euros (WURTH, S.L).
- 22.10.13.- Inicio expediente sancionador de tráfico.
- 23.10.13.- Ordenando a non modificación de cota para o curso 2013-2014 dun usuario da escola infantil municipal.
- 23.10.13.- Anulación de facturas do rexistro de facturas municipal por diversos motivos desde o 01/01/2005 ata o 31/12/2012.
- 24.10.13.- Incoación expediente de reposición da legalidade urbanística por obras de construción de anexo ao salón e apertura de novo oco na fachada, en Monte Devesa.
- 25.10.13.- Rectificación dun erro material advertido no expediente tramitado polo concello para a adquisición de finca polo procedemento de permuta forzosa.
- 25.10.13.- Proceder a un correcto balizamento e instalación dun apuntalamento na estrada que vai desde A Graña ao Encoro Barrié de la Maza, e incoación de expediente de orde de execución.
- 28.10.13.- Desestimar o recurso de reposición presentado contra a resolución de alcaldía de reposición da legalidade pola construción dun muro que non se axusta ás condicións da licenza concedida e ilegalizable.
- 28.10.13.- Inadmisión a trámite de solicitude de limpeza de fincas na Telleira.
- 28.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 45.889,87 euros (facturas varias).
- 28.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.258,82 euros (Telefónica de España).
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a unha traballadora do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.
- 29.10.13.- Recoñecemento dos servizos prestados a un traballador do GES.

29.10.13.- Expediente sancionador multa tráfico.

30.10.13.- Baixa na taxa recollida de lixo correspondente ao ano 2013 dun veciño.

30.10.13.- Aprobación da certificación da obra: proxecto de renovación de instalación de iluminación exterior 2013 (agrupación de concellos de Lousame, Ames e Brión), polo importe total de 99.170,39 euros.

30.10.13.- Aprobación da conta xustificativa da subvención concedida: proxecto de renovación de instalación de iluminación exterior 2013 (agrupación de concellos de Lousame, Ames e Brión).

30.10.13.- Declarar deserta a licitación de: mantemento e limpeza de contedores soterrados do Concello de Brión instalados en Santa Minia e Monte Balado, por non se ter presentado ningunha proposición.

30.10.13.- Nomear ao funcionario José Antonio Bouzas Neo, como interventor accidental do Concello durante o prazo do 04.11.2013 ao 08.11.2013.

30.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa SL).

30.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 452,94 euros (Telefonica Moviles España S.A).

31.10.13.- Pago de nóminas do mes de outubro.

31.10.13.- Solicitud á Deputación Provincial da Coruña dunha subvención para a realización de obras polo importe de 105.543,47 euros.

31.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 25.000 euros (subvención explotación contrato xestión piscina cuberta).

31.10.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 25.839,05 euros (facturas varias).

31.10.13.- Orden de pago de 300 € ao Xulgado de Primeira Instancia núm. 6 de Santiago correspondentes a un embargo dun traballador.

31.10.13.- Recoñecemento dun trienio a unha funcionaria.

31.10.13.- Recoñecemento de trienios a laborais.

31.10.13.- Contratación de 4 peóns a media xornada para o proxecto "Limpeza de Aldeas".

31.10.13.- Contratación de 2 peóns a media xornada para o proxecto "Limpeza e mantemento de parques infantís".

31.10.13.- Abono da diferenza entre complementos específicos a un funcionario.

04.11.13.- Devolución do pago a conta do ICIO correspondente a vivenda unifamiliar en Chave de Ponte núm. 37.

04.11.13.- Devolución do pago a conta do ICIO correspondente a vivenda unifamiliar en Chave de Ponte núm. 38.

04.11.13.- Interposición de recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contra a estimación do recurso contencioso-administrativo interposto por unha veciña declarando non conforme á dereito a ocupación por parte do concello dunha porción dunha finca titularidade da interesada en Soigrex.

04.11.13.- Altas no padrón de habitantes do mes de outubro.

04.11.13.- Baixas no padrón de habitantes do mes de outubro.

04.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 482,16 euros (Telefónica Móviles España).

04.11.13.- Aprobación conta xustificativa das axudas dirixidas a escolas de música non dependentes da consellería.

- 04.11.13.- Aprobación conta xustificativa das axudas dirixidas á creación e implantación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais.
- 04.11.13.- Estimación do recurso de reposición interposto por un interesado, por acreditar non ser o propietario da finca obxecto dun expediente sancionador de limpeza de fincas.
- 04.11.13.- Requirimento de limpeza da fincas a un veciño na Av/ de Noia.
- 04.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).
- 04.11.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 5 de novembro.
- 05.11.13.- Inicio expediente de baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes do Concello de Brión.
- 05.11.13.- Iniciar o procedemento de adxudicación do servizo de: mantemento e limpeza de contedores soterrados instalados en Santa Minia e Monte Balado.
- 05.11.13.- Aprobar a colaboración das brigadas do proxecto: programa de Emprego Xunta-Deputación de A Coruña.
- 05.11.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña, por importe de 40,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade de predeporte.
- 05.11.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de outubro de 2013.
- 05.11.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de outubro 2013.
- 06.11.13.- Aprobar o expediente de contratación e pregos de condicións administrativas e técnicas, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos de mantemento e limpeza de contedores soterrados.
- 06.11.13.- Finalización de expediente por terse restaurado a legalidade urbanística pola construción de muro de contención de formigón do lugar de Brans de Arriba.
- 06.11.13.- Aprobación da liquidación dun recibo da xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos.
- 07.11.13.- Concesión da axuda de emerxencia social a un veciño deste concello, en concepto de "gastos de vivenda" por importe de 196,98 €.
- 07.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).
- 07.11.13.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 5 de novembro.
- 07.11.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 8,00 euros en concepto de actividades de sendeirismo.
- 07.11.13.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 8,00 euros en concepto de actividades de sendeirismo.
- 07.11.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de novembro de 2013.
- 08.11.13.- Deixar sen efecto a resolución de alcaldía do 30.05.2013 pola que se designaban vogais da Xunta Local de Seguridade e novo nomeamento.
- 11.11.13.- Participación no plan marco: programa de mellora de camiños de titularidade municipal 2013-2014, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no marco do PDR de Galicia 2007-2013.
- 12.11.13.- Elevar a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 25/2013.

- 13.11.13.- Aprobación definitiva do padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 3º trimestre de 2013.
- 13.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 39.771,13 euros (facturas varias).
- 18.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.941,35 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).
- 18.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 7.784,69 euros (Gas Natural Sur SDG SA).
- 18.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).
- 19.11.13.- Ordenar a Limpezas Salgado S.L. que continúe prestando o servizo de limpeza do CEIP de Pedrouzos-Brión ata o momento da formalización do novo contrato.
- 19.11.13.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de setembro.
- 19.11.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente aos anos 2012 e 2013 dun veciño.
- 19.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota setembro 2013 Mancomunidade Serra do Barbanza).
- 21.11.13.- Contratación da obra de: acometida bombeo augas residuais O Cabo, mediante contrato menor á empresa Electricidad Cruceiro, S.L. por un importe de 1.321,65 €, iva incluído.
- 21.11.13.- Compensación de cantidades en concepto de liquidacións do IBI, liquidación do IAE, e taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene urbana, do ano 2013, liquidadas pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L, Urban Servicios Inmobiliarios S.L e Urban Alkirá S.L.
- 21.11.13.- Concesión dun anticipo reintegrable por importe de 1.000,00 euros a un traballador.
- 21.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 2.520,00 euros (asistencia de concelleiros ás sesións do 3º trimestre).
- 21.11.13.- Liquidación de dous recibos da xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos.
- 21.11.13.- Reintegro subvención á Consellería de Traballo de 3.396,97 € para a contratación de traballadores desempregado do GRUMIR do ano 2011.
- 22.11.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 34/2013.
- 25.11.13.- Adjudicación a Grupo TAU Coruña S.L. do contrato menor para a prestación dos servizos de realización da modificación puntual do PXOM: nova ubicación xeográfica para a implantación de solo urbanizable de uso industrial, por un prezo de 12.100 euros, iva incluído.
- 25.11.13.- Declarar a adhesión do Concello de Brión á declaración de Galicia saudable.
- 26.11.13.- Solicitud dunha subvención de 3.000'00 € para o mantemento de proxecto de envellecemento activo do Concello de Brión durante 2014.
- 27.11.13.- Solicitud dunha subvención de 45.000'00 € para o mantemento da escola infantil municipal de Brión durante o ano 2014.
- 27.11.13.- Embargo da débeda notificada polo Xulgado de 1ª Instancia número un de Santiago de Compostela a un traballador.
- 27.11.13.- Ordenar o ingreso da cantidade retida no mes de novembro de 2013, por importe de 300,00 €, correspondentes a un empregado, a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 6 de Santiago de Compostela.

27.11.13.- Ordenar o ingreso da cantidade retida no mes de novembro de 2013, por importe de 109,71 €, correspondentes a unha empregada, a favor do Xulgado de Primeira Instancia nº 1 de Santiago de Compostela.

27.11.13.- Pago de nóminas do mes de novembro.

27.11.13.- Recoñecemento de trienios a dous traballadores.

27.11.13.- Pago de gratificacións a unha laboral.

27.11.13.- Pago de gratificacións a un funcionario.

28.11.13.- Requirimento limpeza de fincas a un veciño no lugar de Sabaxáns.

28.11.13.- Asinar coa Deputación da Coruña o convenio de colaboración da obra: acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sites en Lamiño.

28.11.13.- Asinar coa Deputación da Coruña o convenio de colaboración da obra: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.

28.11.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo do ano 2013 que figura a nome dun veciño.

28.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.258,82 euros (Telefónica España).

28.11.13.- Renovacións e altas para participar nos encontros - baile para a terceira idade.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 1-I reguladora do imposto sobre bens inmobles.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 3-I reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 5-I reguladora do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 15-T reguladora da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 12-T reguladora da taxa pola subministración de auga.

29.11.13.- Declarar definitivamente adoptado o acordo de aprobación da modificación da ordenanza fiscal núm. 18-T reguladora da taxa por servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas, derrubamentos, salvamento, protección de persoas e outros semellantes.

29.11.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 49.608,99 euros (facturas varias).

29.11.13.- Requirimento de limpeza de fincas a uns veciños en Perros.

29.11.13.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 35/2013.

29.11.13.- Aprobación expediente modificación de crédito MC 36/2013.

02.12.13.- Adxudicar á empresa 2000 Joscon Construcciones S.L., a execución do contrato de servizos de: mantemento e limpeza de contedores soterrados do Concello de Brión, polo prezo de 4.948,90 €/2 anos, iva incluído.

02.12.13.- Altas no padrón de habitantes do mes de novembro.

02.12.13.- Baixas no padrón de habitantes do mes de novembro.

02.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 557,55 euros (facturas varias).

02.12.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 3 de decembro.

- 03.12.13.- Liquidación dun recibo da xestión do lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos.
- 03.12.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 80,00 euros, pagados en concepto de prezo público pola actividade extraescolar novas tecnoloxías.
- 03.12.13.- Reintegro da cantidade de 8,00 € a unha traballadora polo pagamento anticipado derivado da adquisición de papel de color para a campaña “Marea Laranxa”.
- 03.12.13.- Resolución procedemento sancionador de tráfico.
- 03.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 197,12 euros (comunidade de propietarios Agro Novo).
- 04.12.13.- Rexeitar a solicitude dunha comunidade de propietarios de Paseo de Pedrouzos de imposición de medidas sancionadoras a unha veciña por non existir perigo por infracción de condicións hixiénico – sanitarias.
- 04.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 3 de decembro.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 26.000'00 € para: escolas deportivas para o ano 2014.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 16.000'00 € para realizar actividades culturais durante o ano 2014.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 10.000'00 € para: escola municipal de música Magariños.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 10.000'00 € para: adquisición de equipamento escénico e de iluminación.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 5.000'00 € para: aplicación de dispositivos móbiles para a promoción turística.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 48.060,92 € para: limpeza de aldeas 2014”.
- 05.12.13.- Solicitude dunha subvención de 7.780,11 € para: obras de reparación e mellora nos campos de fútbol de Brión e A Luaña.
- 05.12.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 10.800 euros (indemnización por despido).
- 05.12.13.- Devolución dun aval bancario depositado para responder da obra: subministro de rede de enerxía eléctrica LBT a unha urbanización de seis vivendas no lugar de Liñares, por importe de 2.500 euros á empresa Malga SL.
- 09.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de decembro de 2013.
- 10.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de novembro de 2013.
- 10.12.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de novembro 2013.
- 10.12.13.- Solicitude dunha subvención de 3.983'66 €, para o desenvolvemento do programa de conciliación e responsabilidades compartidas do Concello de Brión durante 2014.
- 12.12.13.- Avocación de competencia e concesión de licenza de obra para construír un muro de contención de pedra no lugar da Graña.
- 12.12.13.- Aprobación da liquidación da licenza de obra para a construción dun muro de contención.
- 13.12.13.- Adxudicación do contrato de servizos de limpeza do CEIP de Pedrouzos - Brión, á empresa Limpiezas Salgado S.L. polo prezo de: 91.476,00 euros, ive incluído, polo prazo de dous anos.
- 13.12.13.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno ordinario a celebrar o 18 de decembro.
- O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE O PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2014).

Dada conta da proposta da Alcaldía do 22 de novembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17 de decembro de 2013, que transcrita di:

Vista a comunicación para a elaboración do Plan de obras e servizos do 2014 remitida pola Excmª. Deputación Provincial da Coruña, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, ou a dedicación ao financiamento dos gastos correntes do exercicio 2014, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles. Concello de Brión.	37.105,32	28,67	37.133,99
Proxecto de mantemento de estradas Brión de Arriba a Riazos, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso) no Concello de Brión.	56.540,74	43,69	56.584,43
SUBTOTAL OBRAS	93.646,06	72,36	93.718,42

Aprobar os proxectos das obras incluídos na anualidade 2014 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	140.469,09
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	140.469,09

C) Resumo:

Denominación da obra	Deputación	Concello	Presuposto total
SUBTOTAL OBRAS	93.646,06	72,36	93.718,42
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	140.469,09		140.469,09
T O T A L	234.115,15	72,36	234.187,51

2.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2014 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2014 se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña autorización para realizar por administración as obras de:

-. Proxecto de mantemento de beirarrúas nas parroquias de Brión e Os Ánxeles. Concello de Brión.

-. Proxecto de mantemento de estradas Brión de Arriba a Riazos, Gronzo, Brión de Abaixo (Brión), Casaldoeiro (Bastavales), Moldes (Luaña) e Pousada (Viceso) no Concello de Brión; que se entenderá aceptada se esta se producira efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR E SUBSTITUTO DO XULGADO DE PAZ DE BRIÓN.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 15 de novembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 17 de decembro de 2013, que transcrita di:

Visto o expediente relativo á elección dos cargos de xuíz de paz titular e substituto deste concello por estar próximo a vencer o período dos catro anos polo que se nomeou aos actuais xuíces de paz titular e substituto deste concello, D. Florentino Romero Cobas e D. José Caramés Vázquez, respectivamente.

Considerando que se publicou o anuncio da convocatoria no BOP do 17 de outubro de 2013, no taboleiro de anuncios do concello e remitiuse edicto para a súa publicación e coñecemento ao Xulgado de Paz de Brión e ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Negreira.

Trala mencionada publicidade presentáronse os seguintes candidatos:

-. D. Florentino Romero Cobas, DNI: 33044643-Z.

-. D. José Caramés Vázquez, DNI: 33194842-T.

-. D^a. Leticia Lourdes Torres González, DNI: 44833988-L.

- D. Miguel Vieito Villar, DNI: 47373684-D.

- D^a. María Pilar Piñeiro Sánchez, DNI: 44472922-F.

Resultando que dos cinco presentados D. Florentino Romero Cobas e D. José Caramés Vázquez son os únicos residentes no concello polo que se considera que prestarán un servizo de maior eficacia e satisfacción para os veciños pola súa proximidade, e que acreditan documentalmente unha sobrada experiencia no desenvolvemento dos postos, polo que se consideran os máis idóneos e ambos reúnen os requisitos de capacidade e compatibilidade.

Visto o disposto na Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial e considerando que a elección, tanto de xuíz titular como de substituto, corresponden ao Pleno do Concello, propoño a adopción do seguinte acordo:

1º) Elixir como xuíz de paz titular a D. Florentino Romero Cobas, por consideralo a persoa máis idónea.

2º) Elixir como xuíz de paz substituto a D. José Caramés Vázquez, por consideralo a persoa máis idónea.

3º) Propoñer os seus nomeamentos á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, por conduto do Xuíz de 1ª Instancia e Instrución de Negreira.

4º) Facultar á Alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

5º) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES TRIMESTRAIS SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE, DOS ANOS 2010, 2011, 2012 E 1º, 2º E 3º TRIMESTRES DE 2013.

Dada conta por Intervención dos informes referenciados que xa foron remitidos con anterioridade ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sinalando que a pesar de que deuse conta ao Pleno do 07.09.2011 dos informes do 3º e 4º trimestres de 2010 e 1º e 2º de 2011 aqueles informes non se puideron remitir ao ministerio porque a aplicación informática non o permitía, por ser necesario antes realizar outros trámites.

O Pleno toma coñecemento dos informes emitidos pola Intervención e pola Tesourería municipais dos anos 2010, 2011, 2012 e 1º, 2º e 3º trimestres de 2013 en cumprimento do establecido no artigo 5 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

6º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE ESTABILIDADE E DA REGRA DO GASTO CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2013.

Dada conta por Intervención do informe de avaliación de estabilidade e da regra do gasto correspondente ao terceiro trimestre de 2013, que xa foi remitido con anterioridade vía telemática ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, se informa que o Concello cumpre co principio de estabilidade orzamentaria así como coa regra do gasto.

O Pleno queda enterado.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 04/2013.

Dada conta da proposta da Alcaldía do 12 de decembro de 2013, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas en sesión do 17 de decembro de 2013, que transcrita di:

Vista a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola presentación de facturas por importe de 147,50 euros e que constan no departamento de Intervención (xúntase a relación no anexo) correspondentes a exercicios anteriores, e que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían polas seguintes causas:

1º. Neste caso de La Rosaleda de La Coruña S.L., a factura presentada correspóndese cunha prestación de servizos efectuada en 2012 ao departamento de emerxencias e protección civil do concello, pero non foi presentada no rexistro no exercicio correspondente en que se realizou efectivamente a prestación do servizo, pero si foron presentadas con posterioridade. A factura foi conformada polo citado departamento municipal.

En vista do anterior, esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar a factura (relacionada no anexo xunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 12 de decembro de 2013, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non o houberan sido naquel ao que correspondían, é competencia do Pleno da corporación, e que neste caso concreto é posible a súa realización.

Á vista do mesmo, en aplicación do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo 1º do título VI da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais en materia de orzamentos, que establece que poden aplicarse aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do mencionado Real Decreto 500/1990, artigo que recolle a figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, o que establece textualmente que "corresponde ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria", esta Alcaldía no exercicio das facultades que me atribúe a lexislación vixente, previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos, e o recoñecemento da obriga correspondente a exercicios anteriores, e derivada da factura que se relaciona a continuación, por un importe total de CIENTO CORENTA E SETE EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (147,50 euros) con cargo á aplicación orzamentaria indicada.

B15621394 LA ROSALEDA DE LA CORUÑA, S.L.				
DATA	Nº DE FACTURA	CONCEPTO	APLICACIÓN	IMPORTE
31/03/2012	004/12	Servizo de lacería en Concello de Brión febreiro 2012.	132.227.99	147,50
TOTAL				147,50

IMPORTE TOTAL RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 04/2013	147,50
--	--------

Segundo.- Imputar a obriga de La Rosaleda de La Coruña S.L. con cargo ao crédito corrente da aplicación orzamentaria do orzamento vixente por importe de 147,50 euros.

Debate: non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e PP (4).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

8º) MOCIÓNS.

Non se presentou ningunha

9º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentou ningunha.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde.

O secretario.

Vº e Prace.

José Luis García García.

Javier Nieves González.